



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SECCIÓN DE PATRIMONIO

Anuncio

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en data de 23 de xullo de 2021, aprobou o a proposta relativa á tramitación do procedemento para o alleamento de parcelas de solo industrial, propiedade da Deputación Provincial, mediante poxa, e o PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES RECTOR DO ALLEAMENTO DE PARCELAS DE SOLO EMPRESARIAL, PROPIEDAD DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, MEDIANTE POXA, co seguinte teor literal:

1. OBXECTO

O obxecto do presente prego é definir as condicións que van a rexer a alleamento, mediante a orma de poxa, dos bens inmoables, de titularidade da Deputación Provincial que figuran no ANEXO I.

O contrato ten a calificación de contrato privado, de acordo co disposto no artigo 9.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

A través da información contida neste prego así como das posibles comprobacións efectuadas polos licitadores, estes coñecen a súa completa situación física e xurídica, así como a súa clasificación e calificación urbanística.

A venta realizarase en concepto de "corpo certo", coa superficie que comprenda dentro dos seus lindeiros e na situación física na que se encontra, ditas circunstancias de feito considéranse coñecidas polos licitadores, polo que non caberá reclamación algunha por posibles variacións, tanto na superficie como no volume edificable, que puideran xurdir pola aplicación das Ordenanzas Urbanísticas vixentes, nin como consecuencia das condicións xeolóxicas, topográficas ou análogas que puideran encarecer a construción, nin por calquera outro motivo, que no constituirán causa de impugnación ou resolución do contrato, nin posible reclamación económica.

Código CPV: 70123000-9 venta de bens raíces.

2. DESCRICIÓN DOS INMOBLES:

Os bens inmoables obxecto do presente prego de cláusulas administrativas particulares son propiedade da Deputación Provincial de Lugo. Están inscritos no Libro de Inventario de Bens, así como no Rexistro da Propiedade do modo que figura no ANEXO I deste prego.

3. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE.

a) No ano 2013 constitúese a Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A, sendo o seu socio único a Deputación Provincial de Lugo, e co seguinte obxecto social:

"A Sociedade terá como obxecto social a realización de actividades ligadas á ordenación do territorio, ao medio ambiente, á intervención do mercado del solo e na edificación; así como a súa xestión, investigación, desenvolvemento, promoción e a colaboración coas entidades públicas e privadas para a xestión e desenrolo urbanístico da provincia de Lugo".

b) En cumprimento do mesmo, a Sociedade subscribe diversos Convenios de Colaboración para a Construción de Polígonos Industrias, coa Deputación de Lugo e diversos concellos da Provincia de Lugo.

Os convenios establecían que as ventas serían realizadas pola Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A.

c) O Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo, en sesión extraordinaria celebrada o día 30 de novembro de dous mil vinte adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

"...a extinción da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A (SUPLUSA) con efectos desde o día 30 de novembro de 2020.

a aceptación da cesión do activo e pasivo consonte o artigo 83 da Lei 3/2009, do 3 de abril, de modificacións estruturais das sociedades mercantís nas condicións establecidas no informe de intervención provincial de data de 20 de novembro de 2020.

A incorporación ao inventario provincial dos bens e dereitos nos que se subroga, de acordo con informe emitido pola Sección de Inventario, en data de 19 de novembro de 2020.”

A extinción da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A, acordada polo Pleno da Deputación Provincial, en Sesión Extraordinaria, celebrada en data de 30 de novembro de 2020, mediante a cesión de activo e pasivo, consonte o artigo 83 da Lei 3/20019, de 3 de abril, de modificacións estruturais das sociedades mercantís implica a subrogación da Deputación Provincial de Lugo na posición xurídica de SUPLUSA respecto dos dereitos e obrigas das que esta era titular.

De acordo, co exposto, a Deputación Provincial realiza este procedemento de alleamento de parcelas nos Polígonos Industriais, dando cumprimento ao acordo adoptado polo Pleno desta corporación, en sesión extraordinaria celebrada o día 30 de novembro de dous mil vinte, e promovendo, así, o desenvolvemento económico da provincia a través dun concepto vertebrador de estruturas produtivas e, deste modo, potenciando a implantación de novas actividades económicas neste termo municipal.

4.- REXIME XURÍDICO APLICABLE.

O presente contrato ten natureza xurídico-privada, rexéndose pola lexislación patrimonial.

Así mesmo as partes quedan sometidas expresamente ao establecido neste prego de cláusulas administrativas e a presentación de ofertas implica a aceptación de todos os seus extremos.

O contrato rexerese en canto á súa preparación e adxudicación polo disposto na Lei 33/2003, do 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas, o Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia en Réxime Local e o Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño polo que se aproba o regulamento de bens das administracións locais e previsións da Lei 5/2011 de 30 de setembro do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

En defecto das citadas normas, pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro (RXLCAP), e o Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

No que se refire á forma de alleamento, de acordo co establecido no artigo 80 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, o artigo 277 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e o artigo 112 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais. O contrato adxudicase mediante procedemento aberto por poxa pública, recaendo a adxudicación no licitador que ofrezca o prezo máis alto.

5. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN E ADXUDICACIÓN.

O Procedemento para a venta das parcelas é a poxa, en cumprimento do disposto no artigo 8 da Lei 33/2003, do 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas que establece que:

“..La gestión y administración de los bienes y derechos patrimoniales por las Administraciones públicas se ajustarán a los siguientes principios:

c) Publicidad, transparencia, concurrencia y objetividad en la adquisición, explotación y enajenación de estos bienes.”

E o disposto no artigo 80 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local que establece:

“...Las enajenaciones de bienes patrimoniales habrán de realizarse por subasta pública..”

É un procedemento de alleamento de concorrencia pública, con publicidade no Boletín Oficial da Provincia e no perfil do contratante, mediante a celebración de poxa.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase solo a un criterio de adxudicación, que deberá ser necesariamente o do mellor prezo.

No caso de empate de ofertas, prevalecerá aquela que estableza o pago ao contado, fronte a que recolla o pago a prazos.

Por último, no caso de empate de ofertas que recollan a mesma tipoloxía de pago, prevalecerá a primeira presentada no tempo.

PROCEDIMENTO:

1. Inmediatamente despois de rematar o prazo de presentación de proposicións, o Secretario Xeral, expedirá relación certificada das proposicións recibidas ou, no seu caso, da ausencia de licitadores e entregará a mesma, xuntamente con aquelas, a quen vaia actuar como Secretario da Mesa de Contratación.

2. O primeiro martes hábil, tras a finalización do prazo de presentación das ofertas, ás 10:00 horas, constituirase a Mesa de Contratación e cualificará os documentos presentados en tempo e forma, a cuxo efecto

o Presidente ordenará a apertura dos sobres, con exclusión do relativo á proposición e outros criterios, e o Secretario certificará a relación de documentos que figuren en cada un deles.(solo sobre A). Para a válida constitución da mesa, deberán estar presentes a maioría absoluta dos seus membros e, en todo caso, o presidente e o secretario.

3. A Mesa pronunciarase sobre o resultado da cualificación, expresando as proposicións rexeitadas e as causas de inadmisión e as proposicións admitidas. Se observase defectos materiais na documentación presentada concederá un prazo non superior a tres días hábiles para que o licitador a emende. Así mesmo, para verificar a eventual concorrencia de prohibicións para contratar, a mesa de contratación poderá requirir ao licitador a presentación de certificados e documentos complementarios aos que presentara ou ben pedir aclaracións sobre estes, que deberán ser atendidas no prazo máximo de sete(07) días.

4. A Mesa pronunciarase, no seu caso, sobre a admisión ou non das proposicións correspondentes á documentación cuxa cualificación dera lugar á observación de defectos emendables, e seguidamente, en acto público, procederase á apertura dos sobres B que conteñas ás proposicións admitidas.

A mesa rexeitará aquelas ofertas que teñas emendas, riscadas, rectificacións, as que se aparten de maneira substancial do modelo establecido, comportasen un erro manifesto no importe da proposición, ou nas que exista un recoñecemento do licitador do erro padecido ou mostren una inconsistencia que as faga inviables, e, en xeral, aquelas que non permitan facer una cabal idea da oferta presentada. Si houbera discordancia entre as expresións dinerarias da oferta en letras ou en números, prevalecerá a cifra consignada en letras.

5. Posteriormente, a Mesa, previos os informes técnicos, que considere precisos e se relacionen co obxecto do contrato, elevará a proposta de adxudicación ao órgano de contratación xunto coa acta e as proposicións.

6. O órgano de contratación, vista a proposta da Mesa, clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas. Para realizar dita clasificación atenderá aos criterios de adxudicación sinalados neste prego.

7. A adxudicación deberá efectuarse en todo caso, sempre que algunha das ofertas presentadas reúna os requisitos esixidos neste prego, non podendo, en tal caso, declararse deserta.

8. En caso de empate entre as ofertas, prevalecerá a oferta que recolla como modo de pago, o pago ao contado e en caso de coincidencia no método de pago, a adxudicación recaerá no licitador que primeiro presentara a súa oferta, para o que se atenderá á data e hora en entrada da documentación nalgún dos rexistros sinalados na licitación.

9. Se o adxudicatario renunciase á adquisición o non atendese ás obrigas que lle corresponden, poderá procederse á adxudicación ao segundo mellor ofertante da poxa, sen prexuízo da imposición de penalidades e da indemnización que proceda polos danos e prexuízos que poidan ocasionarse.

O falseamento da competencia en licitacións públicas non só constitúe unha infracción administrativa, se non que pode constituír un delito penal, previsto no artigo 262 do Código Penal.

6. CAPACIDADE

Poderán tomar parte en esta poxa, por sí ou mediante representación, todas as persoas físicas ou xurídicas españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar, de conformidade co ordenamento xurídico, non estean comprendidos en calquera das causas de incapacidade ou incompatibilidade que establece o artigo 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

7. TIPO DE LICITACIÓN

O presuposto base de licitación será a valoración da parcela, realizada polos servizos técnicos da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A, e figura no ANEXO II.

Este presuposto poderá ser mellorado á alza polos licitadores e serán rexeitadas as proposicións que se presenten con un prezo por debaixo do tipo de licitación.

No tipo de licitación non está incluído o I.V.E ou , no seu caso, impostos ou gastos aplicables á transmisión.

O prezo resultante abonarase no prazo de 5 días hábiles desde que se comunique ao adxudicatario, a data de formalización do contrato, mediante escritura pública.

8. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

8.1. O Órgano de contratación no presente contrato é a Presidencia da Corporación, de conformidade coa Disposición Adicional Segunda da Lei de Contratos del Sector Público, posto que a presente contratación non supera o 10% dos recursos ordinarios do presuposto para ol presente exercicio.

No obstante, en aplicación do establecido no artigo 59.10 do Regulamento Orgánico Provincial, no presente caso o órgano competente, por delegación de Presidencia e/ou Pleno Provincial é a Xunta de Goberno.

8.2. Aos efectos do artigo 62 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014., designase responsable do contrato a Vanesa Vázquez Abad, técnico da Sección de Patrimonio.

8.3. O Órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública é a Intervención Xeral da Deputación de Lugo.

9. ACREDITACIÓN DA APTITUDE PARA CONTRATAR

As empresas poderán acreditar o cumprimento dos requisitos de capacidade, solvencia e non estar incurso en prohibicións para contratar, mediante a presentación dunha declaración responsable do representante da empresa ou da persoa física licitante na que declare que o mesmo ou a empresa á que representa reúne os requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa administración, incluíndo unha referencia expresa a encontrarse ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social. Achégase, ANEXO a este prego, modelo de declaración responsable.

Os documentos acreditativos da personalidade e capacidade solo serán esixidos ao contratista proposto como adxudicatario.

Quedaran excluídas do procedemento as proposicións presentadas por licitadores que non reúnen os requisitos de capacidade e solvencia ou non aporten ou emenden a documentación acreditativa da súa personalidade, capacidade e solvencia.

Na valoración das ofertas económicas procederase á exclusión daquelas que incorran en algunha das causas seguintes:

- a) Non alcanzar o mínimo de licitación
- b) Presentar discordancia na oferta económica entre a cifra presentada en letra e en número, salvo que sexa evidente que se trata dun mero erro de transcripción.
- c) Presentar máis dunha proposición ou subscribir proposta de unión temporal con outros empresarios se xa se fixo individualmente, ou figurar en máis dunha unión temporal.
- d) Presentar a oferta en modelo substancialmente diferente do establecido neste prego ou non respectar as normas que para presentar ofertas se establecen neste PCAP.
- e) Presentar oferta sen indicación do licitador que a presenta e sen a firma do seu representante legal.
- f) Incluír no sobre A os datos que figuran no sobre B, cando isto supoña anticipar o coñecemento dos datos que deben valorarse na seguinte fase.
- g) Presentar oferta fora de prazo ou hora, en lugares diferentes dos indicados ou non comunicar a presentación por correo por fax ou telegrama o recibirse pasados 10 días desde o remate do prazo.
- h) Non emendar no prazo establecido as deficiencias que a Mesa de Contratación detectara na declaración responsable.
- i) Realizar formulacións que supoñan un incumprimento manifesto das condicións do prego, así como o incumprimento da normativa aplicable á execución do contrato.
- j) Realizar ofertas tecnicamente inviables, manifestamente defectuosas, con indeterminacións substanciais ou calquera outra imprecisión básica nos contidos das ofertas.

As ofertas excluídas non serán tomadas en consideración no procedemento de adxudicación.

10. GARANTÍAS.

- GARANTÍA PROVISIONAL: Non se esixe

- GARANTÍA DEFINITIVA: O 5% do prezo final de adxudicación, impostos excluídos, de acordo co establecido no artigo 107 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

A garantía constituirase por algunha das formas establecidas no artigo 108 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 e responderá do cumprimento de todas as obrigas establecidas no presente prego.

A garantía definitiva constituirase, polo adxudicatario da parcela, no prazo de 10 días hábiles desde que se comunique a adxudicación.

A citada garantía será devolta unha vez cumpridas polo adxudicatario todas as súas obrigas contractuais. Entenderase que o adxudicatario cumpriu coas súas obrigas contractuais coa formalización da escritura de compraventa, momento no que será descontada no prezo da parcela, considerándose como un primeiro pago a conta.

11. PRAZO DE GARANTÍA

A garantía definitiva, legalmente constituída, quedará afectada ao cumprimento das obrigas correspondentes ata a formalización da escritura de compraventa.

O incumprimento na constitución de dita garantía ou a súa constitución fora de prazo, suporá o desistimento do adxudicatario na adquisición parcela.

No caso de que o adxudicatario non formalice a escritura de compraventa, na data que se comunique, dita garantía será incautada pola Deputación Provincial de Lugo.

12. PRESENTACIÓN DE OFERTAS E DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA.

As ofertas presentaranse no prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte en que apareza inserto o anuncio de licitación no Boletín Oficial de la Provincia.

Os licitadores poderán realizar tantas ofertas como parcelas estean interesados en adquirir, aínda que só poderán presentar unha oferta por parcela.

Sen prexuízo do dereito para presentar ofertas individuais, os licitadores tamén poderán ofertas conxuntas, sempre que se trate de parcelas contíguas e poidan formar unha única parcela mediante a agrupación de todas elas. Para estes efectos, enténdese por oferta conxunta aquela na que o licitador só queira ser adxudicatario de todas as parcelas incluídas na súa oferta. En todo caso deberase indicar o prezo ofertado para cada unha das parcelas, individualmente.

A) Presentación por medios electrónicos. As ofertas presentaranse por medios electrónicos para aqueles participantes que estean obrigados a relacionarse electrónicamente coas administracións públicas de acordo co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

B) Presentación de ofertas en papel. As ofertas presentaranse na Deputación de Lugo, en horario de atención ao público ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cando as proposicións se envíen por correo postal, o solicitante deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante fax ou telegrama, no mesmo día, consignándose o número do expediente, título completo do obxecto do contrato e nome do licitador. A acreditación da recepción do referido fax ou telegrama efectuarase mediante dilixencia estendida no mesmo polo Secretario provincial. Sen a concorrencia de ambos os requisitos, non será admitida a proposición si é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días seguintes a esa data sen que se recibiu a documentación, esta non será admitida.

A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicionada polo licitador das cláusulas do presente Prego.

As ofertas para tomar parte na licitación presentaranse en dous sobres cerrados, firmados polo licitador e con indicación do nome e domicilio, a efectos de notificación, e indicando o seguinte: «Oferta para licitar a venta de parcelas do Polígono Industrial (indicando o Concello no que se sitúa) A denominación dos sobres é a seguinte:

— Sobre «A»: Documentación Administrativa.

— Sobre «B»: Oferta Económica.

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme a la Lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre, incluíranse os seguintes documentos: SOBRE «A» DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

a) Documentos que acrediten a personalidade xurídica del empresario, CIF e escrituras de constitución da mercantil ou NIF do licitador, en caso de presentarse oferta por persoa física.

b) Si actúa por representación, documentos que acrediten a representación.

c) Declaración responsable de non estar incurso en causa de prohibición ou incompatibilidade para contratar coa administración (ANEXO IV).

d) Declaración responsable de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, de non ter débedas pendentes cos Comunidade Autónoma Galega e coa Deputación Provincial de Lugo e, de ser o caso, de estar ao corrente de pagamento coas obrigas da Seguridade Social. Os licitadores deberán achegar dita declaración responsable de acordo co ANEXO IV.

SOBRE «B» OFERTA ECONÓMICA

— Oferta económica.

Presentarase conforme ao modelo que figura no ANEXO III

13. MESA DE VALORACIÓN.

A Mesa de Valoración estará constituída polos seguintes membros: PRESIDENTE:

Titular: Don José Domingo Rodríguez Ferreira, Xefe do Servizo de Contratación e Fomento da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: Don Pablo Seoane Cancelo, Asesor Técnico do Servizo de Contratación e Fomento da Deputación Provincial de Lugo.

VOGAIS:

Titular: Dona Rosa Abelleira Fernández, Interventora Xeral da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: Don Manuel Roel Hernández-Serrano. Interventor Adxunto da Deputación Provincial de Lugo.

Titular: Dona. Elvira Tuñas Dugñol, Xefa da Sección de Inventario da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: D. Hugo Rebolo López. Funcionario Adscrito á Sección de Inventario da Deputación Provincial de Lugo.

Titular: Dona. Vanesa Vázquez Abad, Técnico Sección de Patrimonio da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: Dona. M. Carmen Dorado Duro, Funcionaria adscrita ao Servizo de Contratación da Deputación Provincial de Lugo.

SECRETARIO:

Titular: Dona María Esther Álvarez Martínez, Secretaria Xeral da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: Don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral Adxunto da Deputación Provincial de Lugo.

14. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

Á vista das ofertas presentadas a Mesa de Valoración elevará a proposta de adxudicación ao órgano de contratación xunto coa acta e as proposicións.

O órgano de contratación requirira aos licitadores que presentaron as mellores ofertas, se non autorizaron a esta Deputación Provincial para solicitar os certificados relativos ás obrigas tributarias ou coa Seguridade Social, para que, dentro do prazo de 5 días hábiles, a contar desde o seguinte ao da recepción do requirimento, presente a seguinte documentación, que poderá ser expedida por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos:

a) obrigas tributarias.

- Certificación positiva, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias ou declaración responsable de non estar obrigado a presentalas.

- Certificación positiva, expedida pola Administración Tributaria da Xunta de Galicia, xustificativa da inexistencia coa Administración Autonómica de débedas de natureza tributaria en período executivo ou, no caso de contribuíntes contra os que non proceda a utilización da vía de constrinximento, débedas non atendidas en período voluntario.

- Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Admón. de esta Deputación polo que acredite non ter débedas en período executivo con esta. b) Obrigas coa Seguridade Social.

- Certificación positiva, expedida pola Tesouraría Territorial da Seguridade Social, de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, ou declaración responsable de non estar obrigado a presentalas.

c) Outra documentación.

Calquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar coas Administracións Públicas e/ou de calquera outra circunstancia que lle reclame o órgano competente.

De non se cumprimentar axeitadamente este requirimento, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

Recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro de los dez días hábiles seguintes á recepción de la documentación.

15. PAGO DO PREZO

O prezo de adxudicación, constituído pola oferta máis o I.V.E, abonarase, na súa totalidade, nun pago único dentro dos cinco días hábiles seguintes á comunicación da data de formalización da escritura de compraventa.

O pago da parcela, sen I.V.E, poderá ser aprazado, de acordo co disposto co artigo 134 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas e o artigo 99 do seu Regulamento de desenvolvemento, a solicitude desta modalidade de pago, deberá figurar na oferta económica presentada.

O aprazamento realizarase a un prazo máximo de 5 anos, sendo o interese do aprazamento o interese legal e os pagos poderán ser mensuais ou trimestrais.

O pago das cantidades garantidas, de acordo co disposto no artigo 134 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, deberá garantirse suficientemente mediante condición resolutoria explícita, hipoteca, aval bancario, seguro de caución ou outra garantía suficiente usual no mercado.

En caso de incumprimento da obriga de realizar o pago do prezo, non se perfeccionará o contrato de compraventa, sen prexuízo da retención da garantía definitiva constituída en concepto de resarcimento de danos e prexuízos.

16. DEREITOS E OBRIGAS DO CONTRATISTA.

Os dereitos e obrigas do adxudicatario son os que nacen deste prego, do contrato que se asine entre as partes e da lexislación aplicable.

OBRIGAS E DEREITOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

1.- A Deputación queda obrigada:

a) A transmitir a propiedade da parcela obxecto do presente Prego, coas condicións no mesmo determinadas e formalizar as escrituras sempre que se cumpran os requisitos.

b) A que a transmisión da parcela sexa libre de cargas y gravames, excepto as urbanísticas e infraestruturais.

17. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Este contrato ten carácter privado, a súa preparación e adxudicación rexerá polo establecido neste Prego e para o non previsto nel, será de aplicación a Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas; o Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais; os principios extraídos Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e as súas disposicións de desenrolo, para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

O contrato formalizarase en escritura pública, de acordo co disposto no artigo 113.1 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas e ante o notario designado de acordo co disposto no artigo 127 do Regulamento da Organización e Réxime do Notariado, modificado polo R.D 45/2007, de 19 de xaneiro, comunicándose, ao adxudicatario, en cada caso, a data de formalización.

Conforme ao disposto no artigo 1.462 do Código Civil, o outorgamento de escritura pública equivalerá á entrega do inmovible obxecto do contrato.

O adxudicatario das parcelas aceptará e asumirá a adquisición das parcelas que se lle adxudiquen, no seu estado físico actual. As parcelas obxecto de alleamento, transmitiranse ao corrente no pago de impostos, gastos correntes e contribucións, sendo de conta do adxudicatario os gastos e impostos con que resulte gravada desde o momento do outorgamento da escritura pública.

18. GASTOS A CARGO DO ADXUDICATARIO. Serán a cargo del adxudicatario:

1.- O abono do tipo de licitación, o IVA correspondente, os gastos derivados da elevación a escritura pública da compraventa e os de inscrición no Rexistro da propiedade.

2.- Os gastos derivados da publicidade de dito procedemento ata o límite de 500,00€.

3.- O adxudicatario da parcela da presente convocatoria será o único responsable de:

- Abono dos gastos correspondentes á elevación do contrato a escritura pública, rexistro, notaría e impostos, así como ao abono dos impostos, licencias e taxas estatais, autonómicas e locais correspondentes.

-A cumprir os prazos fixados para o abono o prezo de adxudicación das parcelas.

4.- Os novos propietarios, se os houbera, quedan subrogados nas condicións e prazos ofrecidos polo adxudicatario inicial da licitación, así como no resto de dereitos e obrigas.

5.-O adxudicatario deberá presentar, na Deputación Provincial, nota simple acreditativa da inscrición rexistral da compraventa, no prazo de tres meses desde o seu outorgamento.

19. EXTINCIÓN DO CONTRATO

1. O contrato extínguese por cumprimento ou por resolución anticipada do mesmo.

2. O cumprimento das obrigas, adquiridas polas partes, en execución deste contrato determina a extinción normal do mesmo.

3. A resolución anticipada do mesmo poderá ter lugar pola concorrencia dalgunha das causas previstas neste prego e polas demais previstas no Código Civil, para o contrato de compraventa, coas responsabilidades e indemnizacións que poidan proceder a favor da parte non responsable da causa de resolución. Esta indemnización nunca será inferior ao importe de la garantía definitiva constituída polo adxudicatario, se lle fose imputable a causa de resolución do contrato.

O contrato quedará resolto de pleno dereito e con transcendencia real, a instancia da Excm. Deputación Provincial de Lugo, en caso de incumprimento de calquera das condicións ofertadas polo adxudicatario ou obrigas previstas no presente Prego.

En caso de que exista causa para a resolución do contrato, e a parcela xa non poida reverter á Deputación Provincial, deberá abonar á Deputación, en concepto de pena, o prezo do alleamento, actualizado, de acordo co incremento experimentado polo I.P.C.

20 PARCELAS VACANTES.

No caso de quedar vacante o alleamento da parcela, a Deputación poderá acordar a súa adxudicación directa ao mesmo prezo de licitación e coas mesmas condicións e obrigacións (Art. 137.4d) Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.

21. XURISDICCIÓN COMPETENTE

As diferenzas que poidan xurdir entre a Deputación de Lugo e o adquirente, en canto á interpretación, modificación, resolución e efectos deste prego de condicións do presente alleamento serán resoltas polo respectivo órgano provincial, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Todos os litixios, preitos ou cuestións xudiciais que deriven desta transmisión de titularidade someteranse aos tribunais competentes con xurisdición en Lugo.

ANEXO I

DESCRIPCIÓN DAS PARCELAS

PARCELAS NO POLÍGONO INDUSTRIAL "OS ACIVROS" CONCELLO DE CHANTADA.

1. URBANA.- PARCELA 20, situada no termo municipal de Chantada. Clasificada como solo urbano polo Plan de Sectorización Sector Industrial A para a ampliación do Parque Empresarial "Os Acivos" do Concello de Chantada.

Ten unha superficie de mil trescentos corenta metros cadrados.

Linda: Norte, parcela 31 Área Industrial; Sur, viario E Área Industrial; Leste, parcela 21 Área industrial; e Oeste, parcelas 17, 18 e 19 del Área Industrial.

Usos.- Industrial. Establecidos no Plan de Sectorización Sector Industrial A para a ampliación do Parque Empresarial "Os Acivos" do Concello de Chantada.

Finca de Chantada número 34476.

Inscrita no Tomo 806, Libro 283, Folio 135, Alta 1.

Referencia Catastral: 0354818PH0105S0001JF.

2. URBANA.- PARCELA 21, situada no termo municipal de Chantada. Clasificada como solo urbano polo Plan de Sectorización Sector Industrial A para la ampliación del Parque Empresarial "Os Acivos" do Concello de Chantada.

Ten unha superficie de mil trescentos corenta metros cadrados.

Linda: Norte, parcela 30 Área Industrial; Sur, viario Área Industrial; Leste, parcelas 22 e 25 Área industrial; e Oeste, parcela 20 del Área Industrial.

Usos.- Industrial. Establecidos no Plan de Sectorización Sector Industrial A para a ampliación do Parque Empresarial "Os Acivos" do Concello de Chantada.

Finca de Chantada número 34477.

Inscrita no Tomo 806, Libro 283, Folio 136, Alta 1.

Referencia Catastral: 0354817PH0105S0001IF.

3. URBANA.- PARCELA 22, situada no termo municipal de Chantada. Clasificada como

solo urbano polo Plan de Sectorización Sector Industrial A para a ampliación do Parque Empresarial "Os Acivos" do Concello de Chantada. Ten unha superficie de novecientos corenta metros cadrados.

Linda: Norte, parcela 25 Área Industrial; Sur, viario E Área Industrial; Leste, parcelas 23 e 24 Área industrial; e Oeste, parcela 21 Área Industrial.

Usos.- Industrial. Establecidos no Plan de Sectorización Sector Industrial A para a ampliación do Parque Empresarial "Os Acivos" do Concello de Chantada.

Finca de Chantada número 34478.

Inscrita no Tomo 806, Libro 283, Folio 137, Alta 1.

Referencia Catastral: 0354816PH0105S0001XF.

4. URBANA.- PARCELA 23, situada no termo municipal de Chantada. Clasificada como solo urbano polo Plan de Sectorización Sector Industrial A para la ampliación do Parque Empresarial "Os Acivros" do Concello de Chantada.

Ten unha superficie de mil vinte e cinco con vinte e cinco metros cadrados.

Linda: Norte, parcela 24 Área Industrial; Sur, viario E Área Industrial; Leste, viario B Área industrial; e Oeste, parcela 22 Área Industrial.

Usos. - Industrial. Establecidos no Plan de Sectorización Sector Industrial A para a ampliación del Parque Empresarial "Os Acivros" do Concello de Chantada.

Finca de Chantada número 34479.

Inscrita no Tomo 806, Libro 283, Folio 138, Alta 1.

Referencia Catastral: 0354815PH0105S0001DF.

5. URBANA.- PARCELA 26, situada no termo municipal de Chantada. Clasificada como solo urbano polo Plan de Sectorización Sector Industrial A para a ampliación do Parque Empresarial "Os Acivros" do Concello de Chantada.

Ten unha superficie de mil douscentos metros cadrados.

Linda: Norte, parcelas 27 e 29 Área Industrial; Sur, parcela 25 Área Industrial; Leste, viario B Área industrial; e Oeste, parcela 30 Área Industrial.

Usos.- Industrial. Establecidos no Plan de Sectorización Sector Industrial A para a ampliación do Parque Empresarial "Os Acivros" do Concello de Chantada.

Finca de Chantada número 34482.

Inscrita no Tomo 806, Libro 283, Folio 141, Alta 1.

Referencia Catastral: 0354812PH0105S0001OF.

6. URBANA.- PARCELA 27, situada no termo municipal de Chantada. Clasificada como solo urbano polo Plan de Sectorización Sector Industrial A para a ampliación do Parque Empresarial "Os Acivros" do Concello de Chantada.

Ten unha superficie de oitocentos metros cadrados.

Linda: Norte, parcela 28 Area Industrial; Sur, parcela 26 Area Industrial; Leste, viario B Area industrial; e Oeste, parcela 29 Area Industrial.

Usos.- Industrial. Establecidos no Plan de Sectorización Sector Industrial A para a ampliación do Parque Empresarial "Os Acivros" do Concello de Chantada.

Finca de Chantada número 34483.

Inscrita no Tomo 806, Libro 283, Folio 142, Alta 1.

Referencia Catastral: 0354811PH0105S0001MF.

7. URBANA.- PARCELA 28, situada no termo municipal de Chantada. Clasificada como solo urbano polo Plan de Sectorización Sector Industrial A para a ampliación do Parque Empresarial "Os Acivros" do Concello de Chantada.

Ten unha superficie de mil vinte e catro con oitenta e nove metros cadrados.

Linda: Norte, viario D Area Industrial; Sur, parcela 27 Area Industrial; Leste, viario B Area industrial; e Oeste, parcela 29 Area Industrial.

Usos. - Industrial. Establecidos no Plan de Sectorización Sector Industrial A para a ampliación do Parque Empresarial "Os Acivros" do Concello de Chantada.

Finca de Chantada número 34484.

Inscrita no Tomo 806, Libro 283, Folio 143, Alta 1.

Referencia Catastral: 0354810PH0105S0001FF.

8. URBANA.- PARCELA 32, situada no termo municipal de Chantada. Clasificada como solo urbano polo Plan de Sectorización Sector Industrial A para a ampliación do Parque Empresarial "Os Acivros" do Concello de Chantada.

Ten unha superficie de mil metros cadrados.

Linda: Norte, parcela 33 Area Industrial; Sur e Leste, solo rústico; e Oeste, viario B Area Industrial.

Usos.- Industrial. Establecidos no Plan de Sectorización Sector Industrial A para a ampliación do Parque Empresarial "Os Acivros" do Concello de Chantada.

Finca de Chantada número 34488.

Inscrita no Tomo 806, Libro 283, Folio 147, Alta 1.

Referencia Catastral: 0454310PH0105S0001OF.

9. URBANA.- PARCELA 45, situada no termo municipal de Chantada. Clasificada como solo urbano polo Plan de Sectorización Sector Industrial A para a ampliación do Parque Empresarial "Os Acivros" do Concello de Chantada. Ten unha superficie de mil douscentos setenta e dous con cinco metros cadrados.

Linda: Norte, viario E Área Industrial; Sur, solo rústico; Este, parcela 46 Area Industrial; e Oeste, parcela 44 Area Industrial.

Usos.- Industrial. Establecidos no Plan de Sectorización Sector Industrial A para a ampliación do Parque Empresarial "Os Acivros" do Concello de Chantada.

Finca de Chantada número 34501.

Inscrita no Tomo 806, Libro 283, Folio 160, Alta 1.

Referencia Catastral: 0353602PH0105S0001WF.

10. URBANA.- PARCELA 46, situada no termo municipal de Chantada. Clasificada como solo urbano polo Plan de Sectorización Sector Industrial A para a ampliación do Parque Empresarial "Os Acivros" do Concello de Chantada.

Ten unha superficie de mil trescentos cinco con sesenta e dous metros cadrados.

Linda: Norte, viario E Area Industrial; Sur, solo rústico; Leste, parcela 47 da Area Industrial; e Oeste, parcela 45 Area Industrial.

Usos.- Industrial. Establecidos no Plan de Sectorización Sector Industrial A para a ampliación do Parque Empresarial "Os Acivros" do Concello de Chantada.

Finca de Chantada número 34502.

Inscrita no Tomo 806, Libro 283, Folio 161, Alta 1.

Referencia Catastral: 0353603PH0105S0001AF.

11. URBANA.- PARCELA 47, situada no termo municipal de Chantada. Clasificada como solo urbano polo Plan de Sectorización Sector Industrial A para a ampliación do Parque Empresarial "Os Acivros" do Concello de Chantada.

Ten unha superficie de mil trescentos trinta e oito con trinta e sete metros cadrados. Linda: Norte, viario E Area Industrial; Sur, solo rústico; Leste, parcela 48 Area Industrial; e Oeste, parcela 46 Área Industrial.

Usos. - Establecidos no Plan de Sectorización Sector Industrial A para a ampliación do Parque Empresarial "Os Acivros" do Concello de Chantada.

Finca de Chantada número 34503.

Inscrita no Tomo 806, Libro 283, Folio 162, Alta 1.

Referencia Catastral: 0353604PH0105S0001BF. NATUREZA XURÍDICA DAS PARCELAS:

Bens patrimoniais.

TÍTULO DE PROPIEDAD:

A Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A redactou o Proxecto de Parcelación do Plan de Sectorización Sector Industrial A para a ampliación do Parque Empresarial "Os Acivros" do Concello de Chantada, en aplicación do disposto no artigo 207 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia. Este proxecto de parcelación foi elevado a público mediante Escritura de Reparcelación do Parque Empresarial de "Os Acivros", Chantada, outorgada polo notario José Manuel López Cedrón, en data de 31 de agosto de 2012, baixo o protocolo número dos mil cincocentos oitenta.

O Pleno da Excm. Deputación Provincial de Lugo, en sesión extraordinaria celebrada o día 30 de novembro de dous mil vinte adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

"...a extinción da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A (SUPUSA) con efectos desde o día 30 de novembro de 2020.

a aceptación da cesión do activo e pasivo consonte o artigo 83 da Lei 3/2009, do 3 de abril, de modificacións estruturais das sociedades mercantís nas condicións establecidas no informe de intervención provincial de data de 20 de novembro de 2020.

A incorporación ao inventario provincial dos bens e dereitos nos que se subroga, de acordo con informe emitido pola Sección de Inventario, en data de 19 de novembro de 2020.”

